



Breogán Blanco González, Concelleiro delegado de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado

EXPOÑO:

Co obxecto de regular o desenvolvemento das actividades programadas dende a miña Concellería é preciso dispor duns instrumentos que xestionen e controlen o seu funcionamento, polo tanto

PROPOÑO:

A aprobación das bases seguintes para regular o programa de participación no “Voluntariado telefónico”

- **Obxecto:**

A actividade de “Voluntariado telefónico” vai dirixida a todos aqueles veciños e veciñas do Concello e arredores, promovida polas concellerías de Benestar Social e igualdade e de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, que queiran colaborar como voluntarios coas accións promovidas polo concello para dotar á xente maior dunha atención continuada vía telefónica, co fin de coñecer as súas necesidades, motivar e prestar interese polas súas vidas, sendo unha actividade instrutiva e áxil para motivar e mellorar a vida dos nosos maiores.

- **Destinatarios**

A actividade de participación no “Voluntariado telefónico” está dirixido, por un lado, a formar unha listaxe de voluntarios, persoas maiores de 18 anos. Excepcionalmente poderán asistir menores de entre 16 e 18 anos baixo a autorización do seu pai, nai ou titor/titora legal. E por outro lado, a persoas destinatarias/beneficiarias da acción voluntaria en colaboración coas actividades do Concello, que se determinarán segundo o caso.

- **Requisitos para os inscritos**

Dispoñer dun terminal dende o que chamar ás persoas beneficiadas deste programa de actividade Non poderán ser voluntarias as persoas que teñan antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, por delitos de tráfico legal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios foran ou podan ser vítimas destes delitos. Esta circunstancia acreditarase mediante unha declaración responsable non ter antecedentes penais por estes delitos, ou no seu caso, expresar o consentimento para que este dato sexa consultado ou recadado pola administración competente.

Non ter sido condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores. A tal efecto, deberase acreditar esta circunstancia aportando unha certificación negativa do Rexistro Central de Penados por estes delitos, ou no seu caso, expresar o consentimento para que este dato sexa consultado ou recadado pola administración competente.

Superar unha entrevista persoal coa psicóloga e outro persoal municipal que se determine segundo o caso dependente do departamento responsable do programa (telemática ou presencial) co fin de determinar uns mínimos na súa idoneidade coas funcións e finalidades que se pretenden satisfacer.

O concello poderá requirir aos aspirantes a voluntarios a documentación ou certificacións que considere necesarias para organizar a reserva de voluntarios en base aos distintos perfís dos interesados e interesadas, determinando a actividade que poden desenvolver en base ás súas capacidades e circunstancias persoais.

Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como persoa voluntaria, mantendo segredo e profesional.



Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir da cidadanía afectada directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.

Os e as empadroadas no Concello de Sada terán prioridade.

- **Temporalización**

A inscrición terá a vixencia dun ano e será prorrogable por ano.

As chamadas serán organizadas polo departamento que organice a actividade, e se indicará a frecuencia con que o voluntario deberá realizar as súas accións, que dependerán da duración e idoneidade da actividade/programa a desenvolver.

- **Forma de inscrición e prazo de presentación para voluntarias e voluntarios:**

Prazo de inscrición aberto dende o 22 de Marzo ata cubrir o límite de prazas (20)

O prazo para a incorporación de novos participantes poderá facerse desde a páxina web do Concello ou presentando a solicitude de inscrición do programa por rexistro no Concello.

Colaborarán no programa sen necesidade de inscricións nin ocuparán praza, as persoas pertencentes á agrupación de voluntariado municipal que mostren o interese en participar

- **Forma de inscrición e prazo de presentación para beneficiarios:**

Solicitar a través da páxina web do Concello, por rexistro no Edificio Administrativo ou no local de Servizos Sociais a demanda deste programa municipal.

Poderán solicitar a inclusión en dito programa os maiores de 18 anos, e tamén aqueles titores legais, familiares ou amigos e amigas, sempre baixo a autorización expresa da persoa demandante, a través dunha declaración responsable, tamén dispoñible na páxina web municipal, Servizos Sociais e Rexistro Municipal.

- **Prestacións**

O Concello, só no caso de que o voluntario non posúa terminal e para casos excepcionais e xustificadas, proporcionará un terminal para realizar o servizo no caso de que fose estritamente necesario, única e exclusivamente para a utilización no devandito programa.

Proporcionará un certificado conforme á súa colaboración e actividade no programa de voluntariado.